



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA TRINTA E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE

(O TEXTO DA PRESENTE ACTA FOI EDITADO PARA ELIMINAR DATOS PROTEXIDOS POLA LOPD)

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MANUEL PÉREZ RIOLA
NICOLÁS VERGARA QUINTIANA
MARIA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
JOSE CAMILO CASAL GARCÍA
ROBUSTIANO LABRAÑA BARRERO
LUIS RUBIDO RAMONDE
ALFREDO VILELA SANTALLA
PABLO LUIS NEBRIL LÓPEZ
MARÍA LUISA PÉREZ PRIETO
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
ESTEBAN BLANCO GARROTE

AUSENTES:

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

JORGE MANUEL VIDAL ZAPATERO

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 31 de outubro de 2017, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar Sesión Extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

1. RATIFICACIÓN PLENARIA DAS RESOLUCIÓNS 444 E 450/2017 - CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA NOVA ACHEGA PROVINCIAL DO POS+ADIC 2017

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 26 de outubro de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.10.2017 que dí:

“Asunto: RATIFICACIÓN PLENARIA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA 444/2017 e 450/2017 – CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA NOVA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2017

Con data 05.10.2017 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 444/2017 que se transcribe a continuación, da cal se solicita a súa ratificación polo Pleno da Corporación:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA NOVA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS-ADICIONAL 2017

(INVESTIMENTOS XA INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+ 2017)

Con data 26.09.2017 recibíuse a CIRCULAR sobre a elaboración do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan Único de Concellos (POS+2017) ADICIONAL por maior achega da Deputación Provincial.

De acordo con esta circular, para o caso de que o Pleno provincial aprobase un expediente de modificación de créditos para o finciamiemento do POS+2017 Adicional, correspóndelle ao Concello de Cedeira o importe de 158.806,51 €

A situación na que se atopa este concello, segundo o indicado na citada circular, é a situación D: Concellos que desexan confirmar todos ou algún dos seus investimentos do Plan Complementario ao POS+2017 e incluír novos investimentos financeiramente sostibles.

O prazo para confirmar os investimentos previstos no Plan Complementario aprobado é ata o 06.10.2017, e para a inclusión de novos investimentos ata o 15.11.2017.

Por isto, **RESOLVO:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da nova achega provincial asignada ao pago das facturas con provedores pendentes de pago e a todos ou

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

algún dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2017, tal e como se indica a continuación:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo IV	Total
Maior achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	2.616,28	2.616,28
Subtotal pago a provedores	0,00	2.616,28	2.616,28

B) Financiamento dos investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2017:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario		Financiamento dos investimentos		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Melloras na rede de saneamento das rúas Paz, Silva e Floreal	161,00	146.896,02	0,00	146.896,02
Subtotal investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario		146.896,02	0,00	146.896,02

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	2.616,28	0,00	0,00
B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES XA INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2017	146.896,02	0,00	146.896,02
SUBTOTAL	149.512,30	0,00	149.512,30
(*) IMPORTE PENDENTE DE APLICAR PARA NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES	9.294,21	0,00	9.294,21
TOTAL	158.806,51	0,00	158.806,51

(*) Cubrir a fila só cando proceda.

2.- Declarar que o concello ten crédito, ou no seu caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

E con data 10/10/2017, advertido erro material na Resolución de Alcaldía anterior, foi ditada a Resolución núm. 450/2017 que se transcribe a continuación, da cal se solicita así mesmo a súa ratificación plenaria:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN 444/2017 DE 6 DE OUTUBRO: CONFORMIDADE COA APLICACIÓN DA NOVA ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ADICIONAL 2017

Advertido erro de transcripción na Resolución de Alcaldía núm. 444/2017 de 5 de outubro, pola que se declara a conformidade coa aplicación da nova achega provincial asignada para o POS+ADICIONAL 2017, cómpre redactala de novo unha vez corrixida. O erro consiste no código do “grupo de programa” dos investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario, debendo ser o 160 en lugar do 161 inicialmente transcrito.

Polo tanto, redáctase de novo a Resolución pola que se declara a conformidade coa aplicación da nova achega provincial asignada para o POS+ADICIONAL 2017 nos seguintes termos:

(INVESTIMENTOS XA INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2017)

Con data 26.09.2017 recibíuse a CIRCULAR sobre a elaboración do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan Único de Concellos (POS+2017) ADICIONAL por maior achega da Deputación Provincial.

De acordo con esta circular, para o caso de que o Pleno provincial aprobase un expediente de modificación de créditos para o finciamiemento do POS+2017 Adicional, correspóndelle ao Concello de Cedeira o importe de 158.806,51 €

A situación na que se atopa este concello, segundo o indicado na citada circular, é a situación D: Concellos que desexan confirmar todos ou algún dos seus invstimentos do Plan Complementario ao POS+2017 e incluír novos investimentos financeiramente sostibles.

O prazo para confirmar os investimentos previstos no Plan Complementario aprobado é ata o 06.10.2017, e para a inclusión de novos investimentos ata o 15.11.2017.

Por isto, **RESOLVO:**

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da nova achega provincial asignada ao pago das facturas con provedores pendentes de pago e a todos ou algún dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2017, tal e como se indica a continuación:

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo IV	Total
Maior achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00	2.616,28	2.616,28
Subtotal pago a provedores	0,00	2.616,28	2.616,28

B) Financiamento dos investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2017:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario		Financiamento dos investimentos		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Melloras na rede de saneamento das rúas Paz, Silva e Floreal	160,00	146.896,02	0,00	146.896,02
Subtotal investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario		146.896,02	0,00	146.896,02

C) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	2.616,28	0,00	0,00
B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES XA INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2017	146.896,02	0,00	146.896,02
SUBTOTAL	149.512,30	0,00	149.512,30
(*) IMPORTE PENDENTE DE APLICAR PARA NOVOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES	9.294,21	0,00	9.294,21
TOTAL	158.806,51	0,00	158.806,51

(*) Cubrir a fila só cando proceda.

2.- Declarar que o concello ten crédito, ou no seu caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres (3) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Nós, pola nosa parte, xa o anunciamos na comisión informativa, imos facer un pleno extraordinario seguramente o día 13 ou o 14. Vai a ser seguramente o 14 pola mañán, ás nove da mañán, donde imos incluír un proxecto complementario a este plan único xa que temos unha dotación económica que agora xa temos o cen por cento do valor para poder executar os proxectos e faremos eso, un plan complementario para poder facer un proxecto que se poida facer coas quitas dos outros proxectos que se van a facer. Sería un investimento financeiramente sostible.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR as resolucións de Alcaldía núm. 444 do 05.10.2017 e 450 do 10.10.2017.

2. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA 1.1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 26 de outubro de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.10.2017 que dí:

“A regulación estatal sobre o imposto sobre bens inmobles contempla unha medida de carácter medioambiental de carácter opcional para os Concellos que se considera axeitada incorporar ao texto da ordenanza.

No pleno do 27 de setembro de 2017 acordouse a modificación da ordenanza 1.1 reguladora do imposto de ben inmobles (IBI), incorporando un artigo 10 co gallo de recoller unha bonificación de ata o 50 por cento da cota íntegra do impuesto para os benes inmobles nos que se instalen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. De ese modo se introducen progresivamente criterios medioambientais nas respectivas ordenanzas fiscais que así o permitan para sensibilizar á cidadanía sobre o emprego de enerxías alternativas.

Detectouse unha vez remitidos os recibos do IBI do 2017 que a subida en moitos casos supera o dez por cento de media de subida, con ocasión dos procedementos de regularización catastral entre outros supostos.

Por todo iso, a proposta é de compensar a subida dos valores catastrales reducindo os tipos de gravame dos inmobles urbanos e rústicos que actualmente están no 0,50% e no 0,46% e que quedarían no 0,48 % e no 0,42% respectivamente.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Por todo elo, propónse ao Pleno a aprobación da seguinte ordenanza, modificando a ordenanza anterior, para a súa aplicación no exercicio 2018.

PROPOSTA O PLENO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza 1.1 reguladora do imposto de ben inmobles, no que o artigo 4 quedaría redactado como sigue, e figurando como anexo o texto íntegro da ordenanza no que se incopora a presente modificación e a modificación aprobada inicialmente o 27 de setembro de 2017:

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos seguintes termos:

- a) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,48%.*
- b) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,42%.*
- c) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,3%.*

SEGUNDO.- Exponer no Taboleiro de anuncios da entidade e no Boletín Oficial da Provincia durante 30 días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional publicando no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da Ordenanzas ou das súas modificacións, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

TERCEIRO.- Faculta-lo Alcalde para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.

ANEXO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

ARTIGO 1: FUNDAMENTO E RÉXIME APLICABLE

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, do artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e dos artigos 15.2 a 59.1 do Real Decreto Lexislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido de la Lei Reguladora das Facendas Locais, o Excmo. Concello de Cedeira procede a aproba-la



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

presente ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos que a Lei remite á súa ponderación e regulación polo Pleno da Corporación Local.

O Imposto sobre bens inmobles regularase neste Concello polas súas normas reguladoras, contidas nos artigos 60 a 77 (Subsección segunda da Sección terceira do capítulo II do Título II) do Real Decreto Legislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a mencionada Lei e pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO 2: NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE DO TRIBUTO.

O valor imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles.

ARTIGO 3: EXENCIÓNS.

3.1. Ademais das exencións recollidas nos apartados primeiro e segundo do artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes exencións:

- a) os bens inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 2,40 €
- b) os bens inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a 3 €

3.2. Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos en ningún caso.

ARTIGO 4: TIPO DE GRAVAME

De conformidade co previsto no artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/04, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable neste municipio queda fixado nos seguintes termos:

- a) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,48%.*
- b) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,42%.*
- c) o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,3%.*

ARTIGO 5: BONIFICACIÓN PARA OS INMOBLES QUE CONSTITÚAN O OBXECTO DA ACTIVIDADE DE EMPRESAS DE URBANIZACIÓN, CONSTRUCCIÓN OU PROMOCIÓN INMOBILIARIA

5.1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

5.2 O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ó seu remate, sempre que durante ese tempo se



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

5.3. Para a aplicación desta bonificación, os interesados deberán presenta-la solicitude antes do inicio das obras ante o órgano competente achegando a seguinte documentación:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do técnico director competente das mesmas, visado polo colexio profesional.
- b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estados da sociedade.
- c) Acreditación de que o inmovible é da súa propiedade e de que non forma parte do inmovilizado, o que se fará mediante copia da escritura pública ou acta catastral e certificación do administrador da sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, para efectos do Imposto sobre sociedades.
- d) no caso de que a acreditación do inmovible fora realizada nos últimos catro anos, copia da declaración del Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana ou liquidación deste.
- e) Fotocopia da alta ou último recibo do IAE.
- f) Fotocopia da licenza municipal de obras.
- g) Fotocopia do recibo do Imposto sobre bens inmovibles, correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude de exención. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia Territorial do Catastro na que se faga constatar a referencia catastral do referido inmovible.

A acreditación dos requisitos anteriores poderá realizarse mediante calquera documentación admitida en dereito.

5.4. Á vista da documentación presentada, a Administración Pública competente ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida so surtirá efectos para o período impositivo seguinte ó inicio das obras, debendo solicitarse expresamente a súa prórroga para os períodos impositivos seguintes nos que sexa de aplicación, achegando os documentos que acrediten que se seguen cumprindo os requisitos establecidos anteriormente. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra do prazo establecido no apartado anterior, dará lugar á inadmisión da mesma e á conseguinte denegación da bonificación.

5.5 Esta bonificación non será compatible con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

ARTIGO 6: BONIFICACIÓN DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN OFICIAL E AS EQUIPARADAS SEGUNDO NORMATIVA AUTONÓMICA.

6.1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme á normativa da Comunidade Autónoma.

Esta bonificación concederase a petición do interesado podendo solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma, e surtirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte ó da súa solicitude. Para isto, xunto ó escrito de solicitude de bonificación, o interesado deberá achega-la seguinte documentación:

- a) Fotocopia do NIF do titular do inmovible.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- b) Fotocopia de alteración catastral (modelo 901).
 - c) Fotocopia da cédula de cualificación de vivenda de protección oficial.
 - d) Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmovible.
 - e) Se na escritura pública non consta a referencia catastral, fotocopia do recibo do IBI correspondente ó exercicio anterior.
- 6.2. Esgotados os tres anos para desfrutar da bonificación do apartado primeiro, estas vivendas gozarán durante os tres exercicios seguintes dunha bonificación do 40%, 25% e do 10% na cota íntegra do imposto respectivamente. Para a aplicación desta bonificación será requisito indispensable que o suxeito pasivo a solicite no ano anterior ó inicio achegando un certificado de empadramento do suxeito pasivo na vivenda obxecto da bonificación e declaración xurada ou promesa de continuar sendo titular do mencionado inmovible.
- 6.3. Esta bonificación será compatible coa bonificación regulada no artigo oito.

ARTIGO 7: BONIFICACIÓN ÁS COOPERATIVAS AGRARIAS E DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA

- 7.1. Terán dereito a unha bonificación do 95% da cota íntegra dos bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/90, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.
- 7.2. Esta bonificación non será compatible con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

ARTIGO 8: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS SUXEITOS PASIVOS QUE OSTENTEN A CONDICIÓN DE TITULARES DE FAMILIA NUMEROSA

- 8.1. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titular de familia numerosa terán dereito á bonificación establecida no apartado terceiro deste artigo sobre a cota íntegra aplicable ó ben inmovible de carácter residencial destinado a vivenda habitual coas seguintes características:
- a) Familia numerosa de categoría xeral.
 - b) Familia numerosa de categoría especial.
- 8.2. Para a aplicación da bonificación deberán cumprirse dous requisitos:
- a) Cando o valor catastral da vivenda habitual non sexa superior ós 30.000 € terán unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra.
 - b) Cando o valor catastral da vivenda habitual se atope entre os 30.000,01 € e os 40.000 € terán unha bonificación do 70% sobre a cota íntegra.
 - c) Cando o valor catastral da vivenda habitual se atope entre os 40.000,01 € e os 50.000 € terán unha bonificación do 50% sobre a cota íntegra.
 - d) Cando o valor catastral da vivenda habitual se atope entre os 50.000,01 € e os 60.000 € terán unha bonificación do 20% sobre a cota íntegra.
 - e) Cando o valor catastral supere os 60.000 € non terán dereito á bonificación.
- En todo caso, para a aplicación desta bonificación, deberá cumprirse que a suma dos valores catastrais dos bens inmovibles sitos no Concello de Cedeira dos que sexan suxeitos pasivos ou titular da familia numerosa ou algún dos membros desta non superen os 100.000 €
- 8.3. A aplicación desta bonificación ten o carácter rogado debendo chegar á solicitude:
- a) Certificado de empadramento dos membros da familia numerosa na vivenda obxecto da solicitude da bonificación con data entre 1 de xaneiro e 31 de marzo do ano no que se pretenda que se aplique a bonificación.
 - b) Copia compulsada do título de familia numerosa vixente a un de xaneiro do exercicio en que deba ter efectos a bonificación.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

8.4. A solicitude da bonificación deberá realizarse antes do 31 de marzo do ano correspondente ó período impositivo no que pretendan que produzan efectos. Á vista da documentación, a Administración competente ditará resolución concedendo ou denegando a bonificación solicitada. A bonificación concedida só producirá efectos para o período impositivo no que se insta á súa concesión, debendo solicitarse a súa prórroga nos seguintes períodos impositivos, achegando de novo a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención. En calquera caso, a presentación da solicitude fóra de prazo dará lugar á súa inadmisión e á conseguinte denegación da bonificación.

8.5 Esta bonificación é compatible coa regulada no artigo seis.

ARTIGO 9: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS INMOBLES URBANOS EN NUCLEOS RURAIS

Conforme o artigo 74.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, gozarán dunha bonificación do 35% da cota íntegra os inmobles urbanos ubicados en todos os nucleos rurais do municipio que teñan esa condición conforme o disposto no vixente plan xeral de ordenación municipal. Esta bonificación será compatible con calquera outra que estableza esta ordenanza e será aplicable desde o 1 de xaneiro de 2014.

A bonificación aplicarase directamente pola Administración en base á información que facilite a Xerencia do Catastro

ARTIGO 10: BONIFICACIÓN A FAVOR DOS INMOBLES CON APROVEITAMENTO SOLAR

Os bens inmobles que teñan instalado sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol terán unha bonificación, do 50% da cota íntegra do imposto o primeiro ano e un 25% o segundo ano. Para a aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor engadan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

O mínimo en canto á dimensións e rendemento da instalación cumprirá co establecido no Documento Básico de Aforro de Enerxía contido no Código Técnico da Edificación.

Non será de aplicación esta bonificación cando a instalación dos sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria e non supere o mínimo esixido a tenor da normativa específica na materia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Salvo o establecido no articulado desta ordenanza ou norma con rango de lei, as bonificacións recollidas na ordenanza son incompatibles entre sí, aplicándose a máis favorable para o suxeito pasivo en caso de concorrencia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

As bonificacións reguladas nesta Ordenanza declaradas compatibles realizaranse aplicando a cota íntegra do imposto en primeiro lugar a bonificación regulada no artigo 6, ó resultado aplicaráselle, no seu caso, a bonificación regulada no artigo 8.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA

As modificacións que introduzan na regulación desta ordenanza as leis de Presupostos Xerais do Estado ou calquera outra lei ou disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de se-lo caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada calquera outra ordenanza sobre o Imposto sobre Bens Inmóveis aprobada por este concello con anterioridade

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2018, mantendo a vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.”

A Comisión, por catro (4) votos a favor do PSdG-PSOE (2), do BNG (1) e de ANOVA (1), e tres (3) abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. CAMBIO DE USO DE TERREO DOTACIONAL SITO NA RÚA ORTIGUEIRA.

Pola Secretaria dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos do día 26 de outubro de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 23.10.2017 que di:

“Mediante Providencia da Alcaldía de 29.09.2017 iníciase expediente para o cambio de uso da parcela sita na R/Ortigueira (Ref. Catastral XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX) á vista do informe emitido polo Arquitecto municipal en data 20.09.2017 en relación ao “Proyecto de ejecución, adecuación y ampliación de la escuela infantil “A Galiña Azul” en Cedeira”.

En dito informe indícase, entre outras cuestións, que o uso previsto no Plan Xeral na parcela é de equipamento educativo, sen que conste cambio de uso para a mesma, sendo o uso establecido, así como o que se pretende ampliar na planta baixa do edificio lindante, o sanitario-asistencial, no que se inclúen as gardarías, utilizándose a planta alta do edificio lindante como aulas para diversas asociacións, o que resulta un uso socio-cultural, polo que, vistos os usos da parcela, para o cumprimento da lexislación urbanística e planeamento en vigor procede o

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

cambio de uso de equipamento educativo ao uso principal de equipamento sanitario-asistencial e uso complementario de equipamento socio-cultural, conforme ao seguinte cadro:

REF. CATASTRAL:	XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	
SUPERFICIE DA PARCELA:	1.061 m ²	
SITUACIÓN:	Rúa Ortigueira	
TITULARIDADE:	Concello de Cedeira	
LINDES:	NORTE: Rúa Río Lamas SUR: Rúa Río Condomiñas ESTE: Avenida de Zumalacárregui OESTE: Rúa Ortigueira	
	PXOU	PROPOSTA
USO PRINCIPAL:	Equipamiento Educativo	Equipamiento sanitario - asistencial
USOS COMPLEMENTARIOS		Equipamiento Socio-Cultural

Resultando que, segundo os informes emitidos pola Secretaría municipal en data 02.10.2017 e complementario do 10.10.2017, aínda que a parcela figura no Inventario municipal de bens e dereitos co 100% do pleno dominio de carácter privativo, e natureza demanial de servizo público, mediante acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 23.06.2009 aprobouse a alteración da calificación xurídica dos dous edificios con campo de recreo sitos na rúa Ortigueira nº 3 e nº 4, cambiando a súa cualificación de bens de dominio público a bens de carácter patrimonial, e proceder á modificación da inscrición do seguinte ben que consta no inventario de bens do concello aprobado en 1992 clasificados en Servizo Público, debendo constar a partir do acordo de rectificación puntual a seguinte descrición:

INMUEBLES URBANOS (...)

Dos edificios de dos plantas, con campo de recreo en el Ensanche de esta Villa, hoy calle Ortigueira nº 3 y 4, destinado a ESCUELAS PÚBLICAS DE PRIMERA ENSEÑANZA.

Linda: DERECHA, CALLE "A" del Muelle, hoy calle Río Condomiñas; IZQUIERDA, calle "B" del Muelle, hoy calle Río Lamas; y ESPALDA, casas de XXXXXX y XXXXXXXXXXXXX

Ocupan una superficie de 1.040 metros cuadrados.

Pertenece al Ayuntamiento desde 1928.

No tiene gravamen ni produce renta.

Inscritos en el Registro de la Propiedad, Tomo 175, Libro 23, Folio 128, Finca 1079 ,

Inscripción 1ª.

Clasificados como BIENES PATRIMONIALES.

Valorados en 40.000.000



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

En data 07.07.2009 expídeuse certificación polo Secretario do Concello na que, vista nota simple informativa do rexistro da propiedade relativa ós inmobles descritos na que se identifica a finca co nº rexistral 2079, procedese á rectificación do erro de transcripción advertido no Inventario Municipal de Bens, debendo constar a todo-los efectos o nº de finca rexistral 2079.

Mediante acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 28.07.2009 apróbase a Cesión gratuita ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar dos dous edificios, con campo de recreo, sitos na rúa Ortigueira nº 3 e nº 4 (Cedeira) – finca rexistrada 2079- cualificados como bens patrimoniais, propiedade do concello, para adicalos a galescola, de acordo co convenio asinado entre o Consorcio e o Concello con data 17.12.2008, aprobado en sesión plenaria con data 27.01.2009, sendo o prazo da cesión de 10 anos naturais prorrogables por períodos iguais se ningunha das partes se opón á prórroga antes do inicio do último ano do correspondente período.

En data 19.10.2017 emítase informe desfavorable pola Intervención municipal que supón a emisión de nota de reparo por omisión de trámites ou requisitos esenciais ao considerar que o expediente non está completo e non se acreditan os requisitos técnicos e legais para o cambio de uso proposto.

Fundaméntase dita nota de reparo, esencialmente, en que a xuízo da Intervención non existe un expediente completo de cambio de uso, senón que o informe técnico é o propio do proxecto de adecuación e ampliación da Escola Infantil e se considera necesario un informe técnico específico no que se concrete si o expediente de cambio de uso require ou non os informes sectoriais sinalados para a aprobación do proxecto ou doutro tipo ou si se requiren outros requisitos, condicionantes, trámites ou documentación adicional segundo a normativa sectorial aplicable.

Así mesmo se indica pola Intervención municipal que non se achega ningunha solicitude nin comunicación do Consorcio, como cesionario da parcela, relativa ao cambio de uso da parcela, nin proponendo nin aceptando os cambios do uso propostos, que se considera que sería a situación normal e desexable para non ser considerada unha imposición do Concello, e que se pretende introducir como uso complementario o equipamento sociocultural porque a planta alta dun edificio que está cedido ao Consorcio para adicalos a galescola está sendo empregado por diversas asociacións culturais o que ven a contravir o recollido no acordo de cesión, que os edificios se adican a Galescola e non a outras finalidades, polo cal o Consorcio debería xustificar a utilización ou cesión dos locais a fins alleos a galescola e xustificar o cumprimento dos requisitos da cesión aprobada polo Pleno o 28.07.2009.

Por último se sinala no informe de Intervención que existe unha clara confusión sobre a calificación xurídica dos inmobles onde se sitúa a Escola Infantil, toda vez que no presente expediente califícanse de uso público, figuran na ficha do inventario como de servizo público, pero no expediente aprobado polo Pleno de cesión dos edificios ao Consorcio, se indica que son bens patrimoniais.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

A discrepancia debe ser resolta polo Pleno do Concello de acordo co previsto no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Debe sinalarse ao respecto o seguinte:

I.- En data 20.10.2017 emítase informe técnico específico en relación ao cambio de uso da parcela municipal de titularidade municipal, sita na Rúa Ortigueira, con referencia catastral XXXXXXXXXXXXXXXX, no que se indica que o presente cambio de uso encaixa no suposto previsto no artigo 42.5 da Lei do Solo Galega (LSG) do cambio de uso por outro uso dotacional público distinto, manténdose a titularidade pública.

O artigo 42.5 da LSG indica “...*sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan...*”, inclúe o conxunto de dito procedemento, en particular o referido aos informes sectoriais autonómicos preceptivos, regulado no artigo 60.2 “...*O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable...*”.

II.- O cambio de uso da parcela e a introdución como uso complementario do equipamento sociocultural non afecta ó uso do edificio como galescola, finalidade a que continúa adicada o edificio, e o feito de que a planta alta do edificio esté sendo empregada por diversas asociacións culturais non implica un incumprimento das condicións da cesión aprobada polo Pleno, sempre e cando se manteña a finalidade prevista no acordo de cesión, como sucede neste caso. Por outra banda, o cambio de uso proposto procede a efectos do cumprimento da normativa urbanística e planeamento en vigor -xa que as gardarías están incluídas no uso sanitario-asistencial, que é o uso agora proposto- para a execución do “Proyecto de execución, adecuación y ampliación de la escuela infantil “A Galiña Azul” en Cedeira”, a cuxos efectos xa se indica no informe técnico que haberá de solicitarse autorización da Consellería de Política Social.

III.- Por último, non existe confusión sobre a calificación xurídica dos inmobles onde se sitúa a Escola Infantil, sendo claro o seu carácter patrimonial, senón simplemente unha falla de actualización das fichas do inventario unha vez acordada polo Pleno do Concello o 23.06.2009 a alteración da calificación xurídica dos dous edificios con campo de recreo sitos na rúa Ortigueira nº 3 e nº 4, pola que se cambia a súa cualificación de bens de dominio público a bens de carácter patrimonial.

Considerando o disposto no artigo 42.5 da Lei do Solo de Galicia, que establece que o Concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Considerando así mesmo a necesidade de rectificar a inscrición da referida parcela no Inventario de Bens, así como no Rexistro da Propiedade.

En base ao exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar a nota de reparo emitida pola Intervención municipal.

SEGUNDO.- Aproba-lo cambio de uso da parcela sita na Rúa Ortigueira conforme ao cadro seguinte:

REF. CATASTRAL:	XXXXXXXXXXXXXXXXXX	
SUPERFICIE DA PARCELA:	1.061 m ²	
SITUACIÓN:	Rúa Ortigueira	
TITULARIDADE:	Concello de Cedeira	
LINDES:	NORTE: Rúa Río Lamas SUR: Rúa Río Condomiñas ESTE: Avenida de Zumalacárregui OESTE: Rúa Ortigueira	
	PXOU	PROPOSTA
USO PRINCIPAL:	Equipamiento Educativo	Equipamiento sanitario - asistencial
USOS COMPLEMENTARIOS		Equipamiento Socio-Cultural

TERCEIRO.- Modificar a inscrición do ben terreo dotacional que consta no Inventario de bens, debendo constar a seguinte descrición:

- BIEN---- Ft180704004

NOMBRE: ESCOLA DE MÚSICA

Naturaleza del inmueble: Urbana

Situación: C/ Ortigueira, Cedeira, 15350- A Coruña

Linderos: D. X.X.X., IZ:X.X.X. FO:X.X.X., FRENT: camino vecinal Esteiro-San Román

Naturaleza de dominio: Patrimonial

Destino: Equipamiento sanitario-asistencial (principal)

Equipamiento socio-cultural (complementario)

Dchos_ reales:

Dchos_ personales:

Frutos y rentas:

Datos del solar:

Superficie del solar: 832 m²

Fecha de adquisición: 29/07/1967

Título: 100% del pleno dominio con carácter privativo

Acuerdo: Certificación de dominio

Reg. Prop.: Ortigueira. Tomo: 202. Libro: 26. Folio: 274. Finca: 2838. Inscrición: 1.

Observaciones:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Datos de la construcción:

Superficie de la construcción: 556 m2

Fecha de adquisición: 29/07/1967

Descripción: Edificio antiguo de dos alturas, planta rectangular con pequeno jardín vallado de acceso al inmueble, techo a cuatro aguas con cubierta de teja y grandes ventanales en fachadas exteriores.

Título: 100% del pleno dominio

Acuerdo: Certificación de dominio

Reg. Prop.: Ortigueira. Tomo: 202. Libro: 26. Folio: 274. Finca: 2838. Inscripción: 1.

Observaciones:

Datos económicos:

Coste adquisición construcción: 3.642,13 €

Coste adquisición suelo:

Valor mercado construcción (2008): 145.970,00 €

Valor mercado terreno (2008): 26.750,00 €

Valor catastral (2007):

Referencia catastral: XXXXXXXXXXXXXXX

- BIEN---- Ft180704005

NOMBRE: ESCOLA INFANTIL

Naturaleza del inmueble: Urbana

Situación: C/ Ortigueira, Cedeira, 15350- A Coruña

Linderos:

Naturaleza de dominio: Patrimonial

Destino: Equipamiento sanitario-asistencial (principal)

Equipamiento socio-cultural (complementario)

Dchos_ reales:

Dchos_personales:

Frutos y rentas:

Datos del solar:

Superficie del solar: 403 m2

Fecha de adquisición: 01/07/1960

Título: 100% del pleno dominio con carácter privativo

Acuerdo:

Reg. Prop.: Tomo: Libro: Folio: Finca: Inscripción:

Observaciones:

Datos de la construcción:

Superficie de la construcción: 556 m2

Fecha de adquisición: 01/07/1960

Descripción: Edificio antiguo rehabilitado de dos alturas, planta rectangular con pequeno jardín vallado de acceso al inmueble, techo a cuatro aguas con cubierta de teja y grandes ventanales en fachadas exteriores

Título: 100% del pleno dominio con carácter privativo

Acuerdo:

Reg. Prop.: Tomo: Libro: Folio: Finca: Inscripción:

Observaciones:

Datos económicos:

Coste adquisición construcción:

Coste adquisición suelo:

Valor mercado construcción (2008): 146.120,00 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Valor mercado terreno (2008): 26.750,00 €

Valor catastral (2007):

Referencia catastral: 6449202NJ7364N0001TY

CUARTO.- Publicar anuncio do acordo do cambio de uso da parcela no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Comunicar o acordo de cambio de uso á Consellería competente en materia de urbanismo a efectos da inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

SEXTO.- Comunicar ao Catastro así como ao Rexistro da Propiedade as modificacións efectuadas.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte horas e dez minutos do expresado día.